



## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Por sendas Resolucións desta alcaldía do 2 de novembro de 2023 aprobáronse as bases do proceso de selección dos alumnos-traballadores e do persoal directivo, docente e de apoio nos obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, para a o proxecto denominado "MAR DE SANTIAGO III" promovido por este Concello de Vilanova de Arousa, de conformidade co previsto na ORDE do 21 de abril de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os talleres duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (código de procedemento TR353A, nº expediente: 36/00015/2023).

Rematado os ditos procesos de selección cumpre agora acordar a selección definitiva de participantes no Obradoiro, e a data do seu inicio.

Por todo o anterior, esta Alcaldía de Vilanova de Arousa no uso das atribucións que lle confiren os artigos 21.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril e LBRL; 61.1.h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e 41.14 do ROF aprobado polo Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro,

### ACORDA

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a selección provisional, nomeando titora a D<sup>a</sup>. María José Carballa Rosales, por renuncia do resto das candidatas.

**Segundo.-** Que o Obradoiro Dual de Emprego "MAR DE SANTIAGO III" de comezo o día 24 de novembro de 2023, fixándose como horario do mesmo entre as 7:00 e as 15:00 horas de luns a venres agás festivos.

**Terceiro.-** De conformidade co previsto polo artigo 14º Orde do 21 de abril de 2023 (DOG nº 85 do 04-05-2023) da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, non é aplicable ao proceso selectivo a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas





Praza do Concello, nº 1  
36620 Vilanova de Arousa  
Pontevedra

**Concello de  
Vilanova de Arousa**

Vila Natal de Ramón del Valle-Inclán

registro.xeral@vilanovadearousa.gal  
www.vilanovadearousa.gal  
sede.vilanovadearousa.gal

Tfnos.: 986 554 021  
986 554 082  
986 555 102  
Fax: 986 554 069



Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora sexa un organismo público.

Vilanova de Arousa, na data da sinatura dixital.

O ALCALDE,

DOU FE;

O SECRETARIO XERAL,

Gonzalo Durán Hermida.

Javier Bouzada Romero.

